

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE NOVEMBRO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1864/2008.- Francisco Bueno Capeáns.- Vivenda unifamiliar adousada na rúa Virxen Branca nº 33.

Lic/1059/2009.- Ramón Vilouta Marcos.- Vivenda unifamiliar no lugar de Portela de Villestro.

Lic/1184/2009.- Santiago Manuel Parente Mansilla.- Legalización de obras e reconstrucción e reestructuración de vivenda unifamiliar no lugar de Vilar do Rei nº 3.

Lic/111/2008 e Lap/155/2008.- Agmina Multimedia, S. L.- Construcción de nave e apertura de nave industrial para almacenaxe e venta de aparatos electrónicos, oficinas e garaxes no Polígono de Boisaca Parcelas B42-B43

Lic/1616/2009.- Comunidade de Propietarios.- Instalación dun ascensor no patio interior do edificio sito na Avda. de Lugo nº 121.

Lic/990/2009.- Autos Buenos Aires Galicia, S. L.- Derruba da edificación existente no lugar de Marantes.

PRÓRROGAS.-

Lic/1989/2009.- Composcasa, S. L.- Construcción dunha edificación e aperturado uso residencial comunitario para 40 unidades, locais comerciais, garaxe e tres plantas de soto e trasteiros na parcela 4B3 do SUNP-13 da Carretera da Estrada. (+)

SUBSANACION DE ACORDO.-

Lic/991/2005.- Josefa María Rial Gigirey.- Subsanación do acordo polo que se concede licenza pola Xunta de Goberno Local de 16 de abril de 2.007, á mesma, para rehabilitación da edificación destinada a vivenda unifamiliar con ampliación do seu volume na rúa Meixonfrío nº 21, coincide en realidade co número 54 da citada rúa.

INCOACION DE EXPEDIENTE DE CADUCIDADE.-

Lic/2607/2004.- Estudio 5 de Gestión y Proyectos, S. A.- Edificio de 44 vivendas na parcela 4, bloque 6 do Polígono 1 do SUP-2 de Cornes.

Lap/267/2006 e Lic/1109/2006.- Estudio 5 de Gestión y Proyectos, S. A.- Construcción e apertura de residencial comunitario de 15 unidades, locais, garaxes e trasteiros parcela 4, bloque 7 do Polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

2027/2009.- Fernando Valcarce Valcarce.- ... Expte. Lic/1376/1988 ... 3.005,06 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/1857/2006.- ZOAR RESIDENCIAL SL.- Rehabilitación de edificio para vivenda unifamiliar en Calzada do Carme de Abaixo, 20.

LIC/1891/2009.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Obras de mellora e mantemento no edificio da Fundación Gonzalo Torrente Ballester na rúa do Vilar nº 7

LIC/916/2009.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Obras de illamento térmico nas oficinas do Museo do Pobo Galego na rúa Bonaval.

LIC/2593/2008.- CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Reparación e mantemento no pavimento de acceso exterior e interior no mosteiro de San Martiño.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA.- Devolución da fianza depositada para responder dos posibles danos derivados da autorización para ocupación da vía pública para celebración da Feira do Libro Novo de Santiago de Compostela. O importe da fianza é de 18.000 €

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse catro axudas para vivenda-aloxamento e comedor escolar por un total de 2.121,75 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá relativa á concesión de subvencións ás Asociacións Veciñais.

Apróbase a concesión de subvencións, por un valor total de 99.968,47 euros a 36 entidades.

6.- Proposta da concelleira-delegada de Persoal relativa á concesión de incentivos por xubilación anticipada.

Acórdase o pagamento dos devanditos incentivos a dous funcionarios.

7 a 52.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmoables, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

53.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa a diversas solicitudes de exención nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as exencións solicitadas.

54.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión de campos de fútbol municipais á Delegación Local de Fútbol (tempada 09/10).

Concédese á devandita entidade, con carácter prioritario, a utilización dos campos municipais de Santa Isabel e As Cancelas, así como calquera outra instalación que o Concello teña conveniada ou poda ser destinada para a práctica do fútbol, para a celebración das súas actividades futbolísticas da presente temporada.

55.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización para utilizar diferentes pavillóns municipais durante a tempada 2009/2010.

Concédese á Agrupación de Deportistas Veteranos, con carácter prioritario, a utilización de diferentes pavillóns municipais durante a temporada 2009/10 para celebrar as competicións de fútbol sala en idade escolar nas súas diferentes categorías tanto nos torneos de copa como de liga.

56.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á ampliación dos prazos de resolución e xustificación da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento de actividades deportivas puntuais. Ano 2009.

Apróbase a ampliación do prazo ata o 19 de novembro e, en consecuencia, tamén do prazo de xustificación ata o 10 de decembro.

57.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á concesión dunha subvención ao abeiro da convocatoria de axudas a escolas deportivas. 1ª fase. Ano 2009.

Apróbase a concesión dunha subvención de 3.607,81 euros ao Club Anpa Sionlla, ao abeiro da devandita convocatoria.

58.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á segregación da parcela DP-2/DI-2 do polígono 2 do SUP-5 para a construción dun Centro Cívico no barrio de Santa Marta.

Adóptase o acordo de segregación da devandita parcela.

59.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á inadmisión a trámite da solicitude de revisión dos proxectos de compensación e urbanización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.

Acórdase non admitir a solicitude de revisión do proxecto, por reproducir alegacións substancialmente iguais desestimadas no acordo do 14 de xullo de 2008, e non admitir a solicitude de revisión do proxecto de urbanización por reproducir alegacións substancialmente iguais desestimadas no acordo do 16 de maio de 2008.

60.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ás modificacións resultantes das actas previas de ocupación no expediente de expropiación para a ordenación funcional da rúa de San Lázaro. "Camiño Francés" e tramo estrada N-547.

Acórdase incluír dentro da relación de bens a expropiar da parcela 60 do Proxecto para a ordenación funcional da rúa de San Lázaro (Camiño Francés) tramo: Estrada N-547, os seguintes bens (plantacións): tres abetos, unha figueira, catro arbustos de lilas. Apróbase a valoración e por conseguinte as follas de aprecio dos indicados bens, por un total de 738,15 euros.

61.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á substitución dunha enfermeira da UMAD.

Cóbrease a devandita vacante durante o tempo de ausencia da enfermeira.

62.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa ao abono de diversas becas de comedor escolar para o curso 2008/2009.

Apróbase o abono ás ANPAS e/ou entidades xestoras do comedor das becas concedidas para o curso escolar 2008-2009 e aprobadas na Xunta de Goberno do 25 de novembro de 2008, referidas ao mes de xuño de 2009.

63.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á contratación para a conformación dun proceso de participación para a consecución dun pacto local de programación do uso dos tempos no Municipio.

Acórdase a contratación do grupo consultor OBZ para a conformación do devandito proceso, por un importe de 12.420 euros.

64.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación de incidencias relativas á concesión de bolsas de comedor escolar.

Apróbanse varias solicitudes de alta, cambios ou renuncias, así como os importes resultantes que hai que aboar aos centros escolares ou ANPAS afectadas.

65.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á anulación do gasto correspondente ao proxecto "Municipios pola Igualdade, ao non ter realizado o dito proxecto".

Anúlase o gasto de 12.000 euros para a elaboración do proxecto, por non terse realizado o mesmo.

66.- Proposta da concelleira delegada da Muller relativa ao rexeitamento da solicitude de modificación do acordo da sesión de 19 de maio de 2009 relativo ao contrato do vixilancia e seguridade das instalacións da UMAD.

Rexéitase a solicitude de variación do IPC, mantendo o criterio aprobado pola Xunta de Goberno, sendo os importes de 3.388,75 euros/mes ou 40.065,08 euros ano, para a nova prórroga e actualización.

67.- Adxudicación definitiva das obras de reurbanización do espazo público da calzada de Santo Antonio.

Elévase a definitiva a devandita adxudicación á empresa EXTRACO, S.A., por importe de 151.838,66 máis IVE.

68.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao servizo de información e asesoramento para o estudiantado: Vías e opcións de estudos, bolsas de estudos e outras axudas.

Apróbase o desenvolvemento deste servizo, ao que se destina un orzamento de 15.000 euros.

69.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á contratación do desenvolvemento do visor de información catastral a través do mapa do portal web do Concello.

Apróbase da devandita contratación, por un importe de 14.000 euros e a súa adxudicación á empresa TECNOCOM.

70.- Dar conta pola concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica de corrección de erros no punto nº 6 da sesión de 13 de outubro de 2009.

Procédese á corrección dos erros.

71.- Dar conta da concesión dunha subvención ao Concello pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Dáse conta da concesión dunha subvención de 195.258,60 euros polo concepto de Axuda no Fogar para persoas valoradas como dependentes.

72.- Dar conta da sinatura de diversos convenios.

Dáse conta dos convenios asinados con: Seminario Galego de Educación para a Paz, Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM), Asociación de Loita contra Enfermidades do Ril (ALCER Coruña), Asociación Galega de Lupus (AGAL), Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista da provincia da Coruña (ASPANAES), Asociación de Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual (ASPAS), Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (ATEGAL), Asociación de Bulimia e Anorexia de Galicia (ABAGAL), Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco, Asociación Síndrome de Down Compostela, Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais, Asociación Itínera de Voluntarios de Saúde Mental, Asociación Voluntarias de la Caridad de San Vicente Paúl, Asociación de Dano Cerebral de Compostela (Sarela), Asociación Galega para a Asistencia e Investigación dos Trastornos da Peronalidade (TP-Galicia), Asociación Española contra o Cancro (Xunta Provincial da Coruña), Asociación Internacional do Teléfono da Esperanza (ASITES), Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia tipo Alzheimer, Universidade de Santiago de Compostela-Ruptura da parella e non de familia, Cáritas Diocesana Santiago e Asociación Galega de Espiña Bífida e Lesionados Medulares.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á adxudicación dos traballos de tramitación de expedientes catastrais de alteración física de inmobles.

Adxudícanse os devanditos traballos, que afectan a 417 inmobles, á empresa EIBISA NORTE S.L., por importe de 20.850 euros.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes dando conta da recepción dun pavillón polideportivo en Pontepedriña.

Dáse conta da recepción do devandito polideportivo.

3.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas e inicio da contratación da xestión da Escola municipal de Música.

Apróbanse os pregos e iníciase o expediente de contratación, establecéndose o seguinte tipo de licitación:

- a) Ata 200 persoas matriculadas: as tarifas dos usuarios/as máis 164.9000 euros.
- b) A partir de 200 persoas matriculadas: as tarifas dos usuarios/as máis 378 euros alumno/ano, cun máximo de achega municipal de 53.100 euros.

4.- Adxudicación provisional das obras de reforzo do firme na vía pública M-36-A-IV en Torreblanca (Aríns) incluídas no POS 2009.

Adxudícase provisionalmente a devandita obra á empresa PONCIANO NIETO, S.L., por un importe de 120.312,41 euros máis IVE.

5.- Adxudicación provisional das obras de reforzo do firme na vía pública entre rotondas de Bornais (Eixo) incluídas no POS 2009.

Adxudícase provisionalmente a devandita obra á empresa PONCIANO NIETO, S.L., por un importe de 77.299,43 euros máis IVE.

6.- Adxudicación provisional das obras de reforzo do firme na vía pública M-105-V en Eixo de Abaixo (Eixo) incluídas no POS 2009.

Adxudícase provisionalmente a devandita obra á empresa OVIGA, S.L., por un importe de 55.534,48 euros máis IVE.

7.- Adxudicación definitiva das obras de reurbanización dos contornos urbanos de acceso á cidade: Avda. Castelao.

Elévase a definitiva a adxudicación á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ S.A., por un importe de 2.000.000 euros máis IVE e un prazo de execución de 8 meses.

8.- Contratación do servizo de desenvolvemento do programa NADALXOGO 2009.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas e iníciase o expediente de contratación do devandito servizo, establecéndose un tipo de licitación de 43.089,65 euros máis IVE.